



# BOP

LUNS, 18 DE ABRIL DE 2022

N.º 087

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### Anuncio

##### EDICTO

##### NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos tributos e concellos que se citan:

##### Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2022

- ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLEDU, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

##### ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, exercicio de 2022, relacionados abaixo, empezará a contar o 18/04/2022 e finalizará o día 18/07/2022, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:-

ABADIN, ALFOZ, ANTAS DE ULLA, BALEIRA, BARALLA, BARREIROS, BECERREÁ, BEGONTE, BÓVEDA, BURELA, CARBALLEDU, CASTRO DE REI, CASTROVERDE, CERVANTES, CERVO, O CORGO, COSPEITO, CHANTADA, FOLGOSO DO COUREL, A FONSAGRADA, FOZ, FRIOL, GUITIRIZ, GUNTÍN, O INCIO, LÁNCARA, LOURENZÁ, MEIRA, MONDOÑEDO, MONTERROSO, MURAS, NAVIA DE SUARNA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, AS NOGAIS, OUROL, PALAS DE REI, PANTÓN, PARADELA, O PÁRAMO, A PASTORIZA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, A POBRA DE BROLLÓN, POL, A PONTENOVA, PORTOMARIN, QUIROGA, RÁBADE, RIBADEO, RIBAS DE SIL, RIBEIRA DE PIQUÍN, RIOTORTO, SAMOS, SARRIA, O SAVIÑO, SOBER, TABOADA, TRABADA, TRIACASTELA, O VALADOURO, O VICEDO, VILALBA, XERMADE e XOVE.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constriximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019 A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 0720

## ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 8 de abril de 2022, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022.

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2022

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da devandita convocatoria e os modelos de solicitude e de xustificación tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

### **Primeiro.- Beneficiarios**

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

### **Segundo.- Obxecto**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2022, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

- A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oural, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.
- A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

### Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB>

### Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022 será de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €):

- A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 45.000 €.
- A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 38.000 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	7.000,00 €

### Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

### Sexto.- Outros datos

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do 2022.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

Lugo, 12 de abril de 2022.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0882

## RRHH-SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

### Anuncio

**ANUNCIO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 25.03.2022 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 25 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de peóns/peoas de reparacións de vías provinciais para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.4 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:**

**1º** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de **PEÓNS/PEOAS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS**, grupo agrupacións profesionais, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

**2º** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

**3º** Aprobar as bases específicas, que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de **PEÓNS/PEOAS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS**, grupo agrupacións profesionais.

**4º** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º** Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

**6º** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

## **BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS.**

### **1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS**

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados) ) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

### **2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA**

DENOMINACIÓN	GRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
PEÓN/PEOA DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS	Agrupacións Profesionais	Ao Parque Móbil Provincial, ou ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

### **3. COMETIDO FUNCIONAL**

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

#### **4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO**

As persoas aspirantes deberán posuír os requisitos sinalados na base xeral 4, e non se require estar en posesión de ningunha titulación académica para ser admitido, de acordo co artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

**5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO:** Celga 2

#### **6. PROGRAMA**

##### **A) MATERIAS COMÚNS:**

**Tema 1.-** A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias e organización.

##### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS:**

**Tema 2.-** Drenaxe. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes profundas: materiais e execución. Execución das obras en casos normais.

**Tema 3.-** Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.

**Tema 4.-** Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas. Operacións de conservación ordinarias: descrición e tarefas. Atención de emerxencias. Viabilidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.

**Tema 5.-** Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.

Lugo, 6 de abril de 2022 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0820

#### *Anuncio*

#### **ANUNCIO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 25.03.2022 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE PEÓN/PEOA GRANXA PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 25 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

*Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de PEÓN/PEOA GRANXA para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.4 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, proponse á Xunta de Goberno que, segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

**1º** *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constituición dunha listaxe de emprego temporal de PEÓN/PEOA GRANXA, grupo agrupacións profesionais, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.*

**2º** *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).*

3º Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo de **PEÓN/PEOA GRANXA**, grupo agrupacións profesionais.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

## **BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE PEÓN/PEOA GRANXA.**

### **7. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS**

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados) ) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 06.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 ( BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

### **8. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA**

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
PEÓN/PEOA GRANXA	Agrupacións Profesionais	Á Granxa Provincial Gayoso Castro ou calquera outro servizo no que sexa necesario unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

### **9. COMETIDO FUNCIONAL**

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

### **10. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO**

As persoas aspirantes deberán posuír os requisitos sinalados na base xeral 4, e non se require estar en posesión de ningunha titulación académica para ser admitido, de acordo co artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

### **11. DE GALEGO ESIXIDO: Celga 2**

### **6. PROGRAMA**

#### **B) MATERIAS COMÚNS**

**TEMA 1.-** A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias e organización.

#### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS**

1. **TEMA 2.-** A muxidura. Rutina de muxido e manexo dos animais durante a muxidura. O robot de muxido.

2. **TEMA 3.-** Bioseguridade nas granxas de vacún de leite, fontes de infección e formas de contaxio. Principais enfermidades de control. Atención aos animais enfermos. Hixiene das instalacións e do persoal manipulador de animais e alimentos. Benestar animal nas granxas de vacún de leite.
3. **TEMA 4.-** Reprodución do gando vacún de leite. Controis reprodutivos. O ciclo ovárico e a detección dos celos. Técnicas de reprodución asistida ( IA e Transferencia de embrións). A atención da vaca de leite no parto, parto e postparto. Período de transición e principais enfermidades do período de transición. Coidados do xato recién nacido. Prevención de enfermidades infecciosas do xato. O calostro e o encalostado. A recría de xovencas de vacún de leite.
4. **TEMA 5.-** A produción de forraxes. Pastoreo e ensilado de herba e de millo. Recollida de herba seca. Fertilización de pradarias e laboreo de terras agrícolas.

Lugo, 6 de abril de 2022 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0821

### Anuncio

#### **ANUNCIO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 25.03.2022 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE OFICIAL DE OFICIOS MÚLTIPLES PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 25 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).*

*Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de Oficial/a de Oficios Múltiples para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.4 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:***

**1º** *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de **OFICIAL/A DE OFICIOS MÚLTIPLES**, grupo C - subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.*

**2º** *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota Xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).*

**3º** *Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo de **OFICIAL/A DE OFICIOS MÚLTIPLES**, grupo C -subgrupo C2.*

**4º** *Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

**5º** *Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.*

**6º** *Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."*

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

**BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE OFICIAL DE OFICIOS MÚLTIPLES.**

**12. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS**

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados) aprobadas na Xunta de Goberno de 13.03.2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobados na Xunta de Goberno de 10.07.2020 (BOP núm. 161, do 15.07. 2020).

**13. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA**

DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
OFICIAL/A DE OFICIOS MÚLTIPLES	GRUPO C - SUBGRUPO C2	Ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

**14. COMETIDO FUNCIONAL**

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoas que exerza a superioridade xerárquica.

**15. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO**

Como complemento na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión:

- Da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: **Graduado/a en ESO ou equivalente.**
- Do permiso de conducir categoría o clase B (coches e vehículos lixeiros)**

**16. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 3**

**17. PROGRAMA**

**A) MATERIAS COMÚNS:**

**Tema 1.-** A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo as súas competencias, organización e dependencias.

**Tema 2.-** A organización territorial do Estado na Constitución Española de 1978. Os Estatutos de Autonomía con especial referencia ao Estatuto de Galicia.

**B) MATERIAS ESPECÍFICAS:**

**Tema 3.-** Instalacións de subministro de auga no interior dos edificios. Acometida e distribución. Partes de que constan e función de cada unha delas. Conducións, mecanismos e materiais empregados. Mantemento básico dos elementos que conforman a instalación. Patoloxías mais habituais.

**Tema 4.-** Instalacións de evacuación en edificios. Augas residuais e augas pluviais. Rede de evacuación. Partes de que consta. Patoloxías mais comúns.

**Tema 5.-** Soldadura en tubaría de cobre e chumbo. Soldadura en ferro e aceiro inoxidable. Materiais e ferramentas utilizadas. Procedemento a seguir na execución de cada un destes casos de soldaduras.

**Tema 6.-** Morteiros. Definición. Compoñentes que interveñen. O seu amasado e proporciones. Tipos de morteiros. As súas características construtivas e utilidades. Maquinaria e ferramentas utilizadas para a súa elaboración e posta en obra.

**Tema 7.-** Ferramentas de carpintería mais usuais. Ferramentas de man e máquinas. A súas funcións e manexo. O seu mantemento.

**Tema 8.-** Circuitos eléctricos no interior de edificios e instalacións. Condutores. Seccións mais habituais. Elementos que constitúen o circuito: Mecanismos de mando. Interruptor, pulsador, conmutador, cruzamento, telerruptor,



portafusíbeis, portalámpadas, enchufes bipolares, enchufes Schuko, enchufes cetac monofásicos e trifásicos. O seu conexionado. Cadros de protección. Elementos dos que constan.

**Tema 9.-** Pintado de paramentos interiores e exteriores. Tipos de pintura utilizados. Materiais e ferramentas necesarias. Procedemento de execución.

**Tema 10.-** Limpeza e reparación de cubertas, caleiros e baixantes. Maquinaria e ferramentas utilizadas. Equipo de protección individual necesario neste traballo.

Lugo, 6 de abril de 2022 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0822

## CONCELLOS

### ABADÍN

#### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste concello, aprobou os seguintes Padróns do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia:

#### **Sesión do día 18/03/2022:**

- Padrón correspondente ao mes de Maio de 2021.

#### **Sesión do 01/04/2022:**

- Padróns correspondentes aos meses de Xuño e Xullo de 2021.

#### **Sesión do día 05/04/2022:**

- Padróns correspondentes aos meses de Agosto, Setembro, Outubro e Novembro de 2021

Ditos padróns expoñense ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que ditas publicacións servirán de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, 6 de abril de 2022.- O Alcalde, José M<sup>a</sup> López Rancaño.

R. 0850

## BECERREÁ

#### *Anuncio*

### **EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 06/04/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril do 2022 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

### **ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 06/06/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 6 de abril de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0851

---

## CHANTADA

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 08/04/2022 acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora de emerxencia social do concello de Chantada.

De conformidade co disposto no artigo 49.b da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 11 de abril de 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0868

---

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión ordinaria do día 08/04/2022 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 11/2022 baixo a modalidade de crédito extraordinario 01/2022 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , por importe de 182.100,00 €.

O expediente expone ao público polo prazo de quince días , da acordo co artigo 169 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais , na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo , que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia , poderán presentar reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Chantada ,11 de abril do 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0869

---

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 08/04/2022 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do prezo público pola prestación do servizo nas instalacións de recreo municipal, piscinas e anexos.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

---

Chantada ,11 de abril do 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0870

---

*Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 08/04/2022 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada ,11 de abril do 2022.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0871

---

A FONSAGRADA

*Anuncio*

**Procedemento:** Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 115/2022

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de marzo do 2022

Aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data do 22 de marzo do 2022 o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2022, polo importe total de 11.445,51 € (dependencia) e 238,80 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 8 de abril de 2022.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 0853

---

LOURENZÁ

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA P.A.I. ABRIL 2022**

**EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) correspondente ao mes de abril de 2022 por importe de cincocentos sesenta e seis (566).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 1 de abril de 2022.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 0854

### NEGUEIRA DE MUÑIZ

#### Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz, en data 22 de marzo de 2022, se adoptou Resolución que di: Delegar no concelleiro D<sup>o</sup>. Francisco Javier Sanromán Lledín a celebración do matrimonio civil entre D<sup>a</sup>. Rosa María Sanromán Lledín, titular do DNI número 3335\*\*\*\*, e D<sup>o</sup>. José Freire Seoane, titular do DNI número 3278\*\*\*\*, a celebrar o día 4 de xuño de 2022. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2<sup>o</sup> do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

Negueira de Muñiz, 11 de abril de 2022.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0878

### RIBADEO

#### Anuncio

#### PRESCRIPCIÓN DE OBRIGAS DE ORZAMENTOS PECHADOS

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 07/04/2022 acordou a aprobación inicial do expediente de Prescripción de obrigas de orzamentos pechados por importe de 8.8887,81 €

En virtude do disposto nos artigos 44 e 45 da Lei 39/2015 do Procedemento Admtvo. común das APP, practícase a seguinte notificación, sometendo o expediente **a información pública por un prazo de 15 días** mediante a inserción do anuncio no BOP de Lugo co fin de que os que puidesen terse por interesados no devandito expediente, poidan comparecer e formular todas as alegacións que estimen convenientes.

Relación de titulares de créditos que figuran no expediente e que poden verse afectados polo mesmo:

Programa	Económica	DNI/CIF	NºFactura	Fec.Factura	Importe
334	22602	33687138G	16	13/08/2006	359,6
432	22699	A15393754	2008/005	20/12/2008	415,32
432	22699	A15393754	2008/0006	20/12/2008	358,52
334	22601	E27305242	33/08	20/11/2008	345
341	22602	B27405034	Fa.Lider47	29/11/2010	472

927	20400	71858694R	1278	14/12/2010	15
337	20900	Q6550023C	401101747	30/09/2010	1,22
920	22604	76416869J	1973	19/11/2010	29,28
337	22611	B15914898	541400112	31/01/2012	8,5
233	22700	B27381292	M120000098	02/04/2012	3306,64
233	22700	B27381292	M120000125	24/04/2012	1241,72
337	22611	77596505W	ene-12	05/12/2012	50,35
912	22699	B27405943	A1326	23/05/2013	11,99
337	22699	53075015P	1	22/02/2013	46,28
920	23300	77597473G	5385	18/02/2014	33
342	23300	33333860Y	1	02/06/2015	38
920	22699	ESA08663619	09862CU4823580	04/06/2015	0,36
920	22699	ESA08663619	09862CU4823571	04/06/2015	0,36
920	22699	ESA08663619	09862CU4870470	12/06/2015	0,36
11	35900	ESA08663619	08685CG1806242	01/12/2015	0,36
231	62600	B27240746	A101	14/04/2016	210
153	21300	B27158179	394	31/05/2016	714,7
170	22699	B27419365	2016078	23/11/2016	139,37
132	21400	45433253L	4	27/04/2017	30,25
432	21200	33999758P	2	24/05/2017	665,5
132	21400	45433253L	8	21/06/2017	30,25
132	21400	45433253L	10	11/09/2017	60,5
132	21400	45433253L	11	28/09/2017	60,5
132	21400	45433253L	13	23/10/2017	60,5
334	22609	45430668X	A/2/2017	26/10/2017	129,03
135	22699	B84745801	DH/14/04/A/318	30/04/2014	53,35

---

TOTAL **8887,81**

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Ribadeo, 8 de abril de 2022.- O alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0855

---

## SOBER

### *Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de data 04 de abril de 2022, aprobáronse as Bases Reguladoras da convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar, que literalmente son as que seguen:

#### **“BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR**

##### **PRIMEIRA. Obxecto da Convocatoria**

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa de traballo destinada á selección temporal de persoal de axuda no fogar para a cobertura das necesidades transitorias do servizo que requiren a contratación puntual para realizar substitucións por ausencias de persoal, incapacidade laboral transitoria, permisos e licenzas, acumulación de tarefas nese servizo, ou calquera outra necesidade temporal, estacional ou urxente que non se poida prestar co persoal existente. Utilizarase o sistema de concurso cunha valoración de méritos.

Este persoal encargarase de realizar as labores propias do Servizo Municipal de axuda no fogar durante os supostos sinalados cubrindo as necesidades de servizos do persoal municipal do servizo de axuda no fogar e/ou para cubrir novas contratacións temporais que se poidan necesitar para o servizo.

O servizo municipal de axuda no fogar préstase nos domicilios dos usuarios distribuídos por todo o territorio municipal do Concello de Sober polo que será imprescindible que o persoal conte con medios propios para desprazarse.

En ningún caso a mera pertenza a esta Bolsa implicará dereito algún a obter nombramento ou contrato laboral.

##### **SEGUNDA. Modalidade do Contrato**

A xornada e a duración dos contratos de traballo formalizaranse baixo a modalidade correspondente, fixada en función da necesidade para a que se efectúe a contratación, ao abeiro do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro.

A retribución será a fixada no orzamento municipal para o exercicio 2022 para os postos aquí convocados, e sempre que o permitan as dispoñibilidades presupuestarias.

O tempo destes servizos e o desempeño das funcións encomendadas non dará ao contratado máis dereitos fronte ao Concello que os estrictamente especificados no contrato que se celebre, de acordo coa súa natureza de contrato laboral por obra ou servizo determinado.

##### **TERCEIRA. Funcións**

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Sober vixente, que pode ser consultada no taboleiro de anuncios do Concello e no Departamento de servizos sociais.

A xornada será completa ou parcial, incluíndo sábados, domingos e festivos.

##### **CUARTA. Publicidade**

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober, nun dos xornais de maior difusión da provincia, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello ([www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com)).

##### **QUINTA. Condicións de Admisión de Aspirantes**

1.- De conformidade co artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, para poder participar nos procesos selectivos será necesario:

— Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

— Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos demais aspirantes sen que se establezcan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas senón nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

— Ter cumpridos dezaioito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

— Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

2.- Estar en posesión do título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

3.- Debido as necesidades propias do servizo é imprescindible contar con Carnet de conducir B1 e dispoñibilidade para viaxar polas distintas parroquias para o que deben contar con medio de transporte para o desprazamento.

Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento de formalización do correspondente contrato de traballo.

#### **SEXTA. Forma e Prazo de Presentación de Solicitudes**

As solicitudes (Anexo I), requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sober, e presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello no prazo de **dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en horario de 09:00 a 14:00.**

As instancias tamén se poderan presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As/os aspirantes que non presenten as solicitudes no Rexistro do Concello de Sober, deberán remitir unha comunicación por correo electrónico a [xestión@concellodesober.com](mailto:xestión@concellodesober.com), comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente.

As bases íntegras publicaranse na páxina web municipal e no taboleiro de edictos.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Copia cotexada do DNI, NIE ou, no seu caso, pasaporte.
- Copia cotexada da titulación ou certificado esixido na convocatoria.
- Copia cotexada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia.
- Copia cotexada do carné de conducir.
- Informe de vida laboral actualizado xunto cos contratos de traballo ou certificado de servizos prestados.

### **SÉTIMA. Admisión de Aspirantes**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de dous días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.

Dita resolución publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello. Na publicación farase constar, apelidos e nome, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello en na páxina web do Concello, para subsanar os defectos a que alude o art. 71 da Lei 30/92, RJ-PAC, que motivaron a súa exclusión ou omisión. Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva.

Transcorrido o prazo de corrección, o Alcalde dictara resolución aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Sober e na páxina web municipal [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com), de conformidade co establecido na Lei 39/2015 de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa.

### **OITAVA. Tribunal Cualificador**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo, designarase por resolución de Alcaldía, e deberán estar integrados por cinco membros titulares, un presidente, un secretario e tres vogais, todos eles con voz e voto. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Os membros do tribunal deberán de absterse de intervir cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015 de 01 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015 de 01 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta. A resolución de alcaldía cos membros do tribunal cualificador exporase ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, xunto coa listaxe de admitidos/excluídos.

### **NOVENA. Sistemas de Selección**

O procedemento de selección dos aspirantes será mediante concurso de méritos.

#### **FASE CONCURSO:**

O tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude ás probas selectivas.

Toda a documentación que se achegue deberá presentarse compulsada ou en orixinal para a súa compulsa polo Rexistro.

Méritos computables:

#### **a) Formación:**

- Cursos de formación relacionados coa materia, aplicándose o seguinte baremo en función do número de horas:
- de 10 a 19 horas:0,10 puntos



- de 20 a 39 horas: 0,25 puntos
- de 40 a 75 horas: 0,40 puntos
- de 76 a 100 horas: 0,60 puntos
- de 101 a 200 horas: 1 punto
- de 201 a 400 horas: 2 puntos
- máis de 400 horas: 3 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.

**b) Experiencia:**

- Por servizos prestados en postos similares na Administración Pública, por xornada completa: 0,20 por cada mes de servizo en postos similares.
  - Por servizos prestados en postos similares en empresas privadas, por xornada completa: 0,10 por cada mes de servizo en postos similares.
  - A puntuación máxima neste apartado será de 8 puntos. A puntuación outorgarase por meses efectivos de traballo a xornada completa. As contratacións a tempo parcial prorratearanse segundo corresponda e o resto de días soltos sumarán meses se alcanzan o número de 30 para cada mes.
  - Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas, xunto co informe de vida laboral.
- c) Antigüidade como desempleado:** 0,10 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de emprego de xeito ininterrompido, ata un máximo de 3 puntos.

Non se computarán períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de trinta días. Para estes efectos, terase en conta o período máis recente e de maneira ininterrompida inscrito no Servizo Público de Emprego.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente, expedido polo organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.

**d) Por ter realizados os cursos de galego:**

- Curso de iniciación ou o curso de Celga 3: 1 punto
- Curso de perfeccionamento ou o curso de Celga 4: 2 puntos

Só se puntuará o curso de nivel superior, a puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

**DÉCIMA. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Nomeamento**

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, os Tribunais farán pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello.

A relación de persoas que formarán parte da bolsa de emprego estarán ordenadas de modo descendente, de maior a menor puntuación.

Na acta de cualificación do tribunal incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de nomeamento, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora nomeado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección. Ademais a relación quedará para poder ser utilizada no futuro, como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia ou necesidade do servizo. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

Devandita relación elevarase ao sr. Alcalde da Corporación, que tras resolver sobre o nomeamento, publicará na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello.

Os/as candidatos/as que forman parte da bolsa, cando sexan chamados para un posto de traballo temporal, disporán dun prazo de 1 día naturais para presentar no Rexistro Xeral do Concello, os seguintes documentos (salvo que xa os presentaran coa instancia de solicitude):

-Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade.

-Certificado/informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.

-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin de atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

-Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidas na lexislación sobre a materia.

-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoa con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes ao posto, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

- Aqueles que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, polo que non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

#### **UNDÉCIMA. Funcionamento da Bolsa de Traballo**

1.- Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo, ordenadas segundo a puntuación obtida, para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a vacantes, ausencias, vacacións, baixas e demais circunstancias do persoal municipal do servizo de axuda no fogar e/ou para cubrir novas contratacións temporais que se poidan necesitar para o servizo.

Esta bolsa de emprego terá unha vixencia mínima de 2 anos e máxima de 3 anos.

2.- Atendendo as necesidades do servizo, a Traballadora Social emitirá un informe/proposta conformada polo Alcalde ou concelleiro delegado, acudíndose á relación de candidatos que integran esta Bolsa de Traballo para cubrir estas vacantes.

3.- Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar os seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

4.- Os aspirantes aos que se oferten traballos temporais deberán manifestar a súa opción, incluso verbalmente, no prazo de 1 día natural dende a comunicación. Para iso chamaráselle telefónicamente aos número/s que achegaron xunto coa instancia.

No suposto de que un mesmo aspirante este seleccionado para ocupar temporalmente dous ou máis postos dos ofertados na bolsa, permitiráselle optar a un deles.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación da data, hora e sistema de contacto.

5.- Se un familiar ou persoa distinta a/ao aspirante fose o que contestase á oferta formulada telefonicamente, entenderase que será o responsable de comunicarlle a/ao seleccionado/a.

6.- Renuncia o nomeamento.

6.1.- Se o/a interesado/a non manifesta a súa conformidade co nomeamento no prazo de 1 día natural, entenderase que renuncia ao mesmo, e se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:

a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.

b) Encontrarse prestando servizos noutra entidade, sexa Administración Pública ou empresa privada, para o cal deberá achegar xustificante no prazo de 3 días naturais a contar desde a comunicación da oferta. Durante o período de duración do dito contrato, o aspirante renuncia a calquera oferta que puidera xurdir desde o Concello de Sober, eximindo a este de realizar a oferta telefónica.

Esta circunstancia finalizará, en todo caso, á data de finalización do contrato ou nomeamento que figure na documentación xustificativa. No caso de que esta non existise, o interesado deberá achegar xustificante de finalización de contrato ou do nomeamento no prazo de tres días hábiles desde a data de cese.

c) Encontrarse en situación de enfermidade que impida o desempeño do posto de traballo, debendo xustificarse mediante o informe médico ou parte de baixa, no prazo de 3 días hábiles. Así mesmo, o/a interesado/a deberá achegar no prazo de 3 días hábiles, o xustificante de alta médica.

Durante o período de enfermidade ou baixa, o/a aspirante renuncia a calquera oferta que puidera xurdir dende o Concello de Sober, eximindo a este de realizar a oferta telefónica.

6.2.- Poderán estudarse outros casos de forza maior debidamente acreditados, non previstos nos apartados anteriores.

7.- Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá á súa contratación, deixándose constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se producirán na correspondente lista.

8.- Se de acordo coa orde establecida na bolsa, o/a seleccionado/a non reúne os requisitos esixidos polo tipo de contrato a subscribir, chamarase ao seguinte da lista que cumpra cos ditos requisitos.

9.- Os aspirantes seleccionados manteranse na mesma orde durante o proceso de vixencia desta Bolsa, de forma que ao finalizar cada unha das correspondentes contratacións ou nomeamentos, seguirá no mesmo orde de chamada para novos contratos ou nomeamentos. Esta orde manterase ata completar o período de 9 meses contratados, en cómputo de xornada completa, a través desta bolsa, sexa de xeito continuo ou ininterrumpido; pasando neste caso, a ocupar o último posto.

Cando sexan chamados achegarán, segundo as normas de funcionamento da Bolsa, os documentos orixinais acreditativos segundo as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

10.- Cando un aspirante figure contratado para substituír a un titular con reserva de posto de traballo e cumprido o obxecto do contrato ou nomeamento, se produza nova causa de substitución do mesmo titular sen interrupción no tempo, poderase contratar ou nomear interinamente á mesma persoa da Bolsa para o novo obxecto, sen recorrer ao sistema establecido nas presentes bases.

11.- Cando un aspirante renuncia á oferta dun contrato sen causa xustificada, se lle postergará ao último posto da bolsa de traballo, salvo nos supostos a), b) e c) do apartado 6.1.

No caso de renunciar tres veces consecutivas sen causa xustificada será excluído definitivamente da Bolsa.

12.- No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente ou se se esgota a Bolsa, e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderá confeccionarse un listado adicional a partir das solicitudes rexistradas e non seleccionadas ás que se pode facer extensiva a oferta de traballo ou poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova Bolsa ou ampliación da xa existente.

13.- As persoas integrantes desta Bolsa de traballo temporal están obrigados a manter actualizados os méritos relacionados con este posto de traballo.

14.- As persoas integrantes de esta bolsa están obrigadas a manter e gardar o deber de confidencialidade e segredo profesional. No caso de entender por parte de esta administración que se incumpre este deber, será motivo de exclusión definitiva desta Bolsa.

15.- Calquera persoa integrante da bolsa poderá consultar a lista en todo momento, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente. Igualmente se terá acceso en todo momento aos datos achegados polo propio solicitante, se ben non aos de outros aspirantes.

16.- Todas as persoas integrantes da bolsa deben de coñecer e se comprometen a aceptar a ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar deste concello, publicado no BOP núm. °144 DEL 25/06/2014. Visada polo Servizo de Inspección da Xunta de Galicia o 5/08/2014.

17.- Causas de exclusión da Bolsa:

- a) Por vontade propia do solicitante, mediante solicitude presentada no Rexistro Xeral deste concello.
- b) Por non ter presentado en tempo e forma a documentación necesaria establecida na base novena.
- c) Por non cumprir os requisitos de capacidade ou estar incurso en causa de incompatibilidade determinadas e aplicables ao persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- d) Pola falsidade da documentación presentada xunto coa solicitude de participación nesta bolsa.
- e) Por despido disciplinario.
- f) No suposto de que a Traballadora Social deste concello emita un informe por servizos prestados non adecuados de algún/ha traballador/a desta Bolsa.

#### **DUODÉCIMA. Incidencias**

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/o interesado/a nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa.

O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación que fose obtida polos aspirantes. Notificado ao mesmo, o prazo para que se presente que será de 1 día natural.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do

---

Estado será de aplicación o Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP.

## ANEXO I:

## SOLICITUDE DO INTERESADO

DATOS DO INTERESADO	
Nome e Apelidos	NIF

DATOS DO REPRESENTANTE	
Tipo de persoa	
<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Xurídica	
Nome e Apelidos/Razón Social	NIF/CIF
Poder de representación que ostenta	
<p>A Administración Pública <b>verificará</b> a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente.</p> <p>Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través de calquera sistema que conte cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade conforme ao artigo 9.2 da Lei 39/2015.</p> <p>Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpor recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, <b>deberá acreditarse a representación</b>, de conformidade co indicado no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.</p>	

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Medio de Notificación			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica <input type="checkbox"/> Notificación postal			
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

**OBXECTO DA SOLICITUDE**

- **EXPÓN**
- 

Que, vista a convocatoria anunciada no *Boletín Oficial da Provincia* núm. \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_, en relación coa convocatoria dunha bolsa para a cobertura temporal de prazas de auxiliar de axuda no fogar do Concello de Sober

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
- Contar con Carnet de conducir B1 e dispoñibilidade para viaxar polas distintas parroquias así como ter medio de transporte para o desprazamento.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**Títulos que declara posuír e relación de méritos alegados:**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

Por todo o cal, **SOLICITO** que admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado.

#### Deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

<b>Responsable</b>	Concello de Sober
<b>Finalidade Principal</b>	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
<b>Información Adicional</b>	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://www.concellodesober.com">www.concellodesober.com</a>

#### DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

O solicitante,

Asdo.: \_\_\_\_\_

[ILMO.] Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER.

Sober, 6 de abril de 2022.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0884

## TRABADA

### *Anuncio*

#### INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 1º BIMESTRE DE 2022

Por Resolución da Alcaldía núm. 2022-0131 do 11 de abril de 2022, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 1º bimestre de 2022, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 13 de maio de 2022 ata o 13 de xullo de 2022.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 11 de abril de 2022.- A alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 0887

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO

#### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 8 DE ABRIL DE 2022 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ANIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIONES DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAJÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2022

BDNS (Identif.): 620577

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/620577>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>).

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencions ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro publico correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.



Segundo.- Obxecto Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con alguna das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2022, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022 será de oitenta e tres mil euros (83.000,00 €):

A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 45.000 €.

A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 38.000 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO IMPORTE MÁXIMO

1.000,00 €            7.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do 2022.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

LUGO, 11 de abril de 2022.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07- 2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 0867